

## **ACTIVIDADE PARA PLÁSTICA**

Hoxe é mércores e teríamos a clase de plástica.

Todos e todas estamos na mesma situación, sen poder saír da casa por mor dun estado de alarma. Esta situación aféctanos a todos e todas de distinta maneira. Cada un ten uns sentimentos e maniféstao de distinta maneira ( nalgún momento podemos estar cansos e cansas de estar encerrados, aburridos/as, con rabia, ter medo, amosar enfados,...). Todo iso é normal, estamos ante unha situación descoñecida, nova, que non sabemos moi ben como afrontar. Pero como puxemos no debuxo que se vos amosaba na páxina web do colexio o pasado luns, e que algún de vós o fixo e o subiu ao Facebook do colexio, **TODO SAIRÁ BEN.**

A actividade para que fagades estes días, con calma e tranquilidade, é **a vosa obra de arte** na que expresedes os vosos sentimentos, o voso pensar, como vedes e estades vivindo esta situación nas casas.

En definitiva, que fagades un debuxo empregando distintas técnicas e distintos materias, incluso dos que teñades pola casa e vexades que podedes aproveitar. Expresade o que sentides e facédeo durante estes días. Cando volvamos ao colexio ensinarédeslles aos vos compañeiros/as e colgarémolos na aula.

**MOITO ÁNIMO E DEIXADE VOAR A VOSA IMAXINACIÓN!!!!**